



A APDR ESIXE Á XUNTA A CUALIFICACIÓN DOS TERREOS OCUPADOS POR ENCE E ELNOSA COMO SOLO NON INDUSTRIAL E O PECHE DEFINITIVO E INMEDIATO DO COMPLEXO.

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) quere facer pública a súa posición ao respecto da decisión da Xunta de Galicia de obrigar ao Concello de Pontevedra a manter no PXOM a cualificación de solo industrial para os terreos que ocupa o complexo industrial ENCE-ELNOSA na parroquia de Lourizán, unha decisión que deixa ver mais unha vez as contradicións existentes no PP no que fai á recuperación deste espacio e, xa que logo, ao cese da actividade de ENCE e ELNOSA no seu actual emprazamento.

A esixencia da Xunta de Galicia resulta inadmisíbel, pois non só entra en contradición coas declaracións realizadas desde o goberno galego a prol do traslado do complexo con anterioridade ao 2018, senón tamén coas directrices marcadas no POL (Plan de Ordenamento do Litoral) e no DOT (Directrices de Ordenamento do Territorio), dous documentos aos que a APDR ten alegado ao considerar –entre outras cousas- que non se pode agardar ata o 2018 para dar o paso principal cara á recuperación da Ría, pondo fin de forma inmediata e definitiva á actividade industrial de ENCE e ELNOSA en Lourizán. Entendemos na APDR que con esta decisión queda aberta a porta á continuidade de CELULOSAS e ELNOSA no seu actual emprazamento mais alá do 2018 e mesmo á posibilidade de que novas industrias ocupen o lugar que agora ocupan estas empresas, o que impediría levar adiante a recuperación da Ría e dos ecosistemas existentes con anterioridade á chegada do complexo.

Resulta inadmisíbel tamén que desde o PP se xustifique a decisión en base á vixencia do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal aprobado no 2003 pola Xunta de Galicia para, pasando por riba do Concello de Pontevedra e da inmensa maioría social da bisbarra, permitir a instalación dunha fábrica de papel tisú nos terreos ocupados por ENCE, un proxecto que quedou definitivamente aparcado pola presión social e xudicial. Se, como din, a Xunta do PP tivera intención de retirar o complexo do seu actual emprazamento, tería derogado este decreto.

Para a APDR o PXOM de Pontevedra, ao se tratar dun documento de planeamento do futuro para o noso concello, non pode quedar a expensas das veleidades políticas a curto ou medio prazo, e debe fixar de forma inequívoca a cualificación duns terreos que teñen que deixar de ser considerados solo industrial moi probablemente con anterioridade á aplicación do propio PXOM. Neste sentido, esiximos á Xunta de Galicia a derogación do decreto de supramunicipalidade asinado polo goberno de Fraga e a cualificación dos terreos ocupados por CELULOSAS-ELNOSA como non industriais. Como xa fixemos nas alegacións ao POL, queremos deixar claro que o goberno galego ten que obrigar ás empresas a cumprir as condicións da concesión e recuperar os terreos ocupados en Lourizán e a restauración da praia de Os Praceres, unha recuperación que non pode vir condicionada pola existencia dun emprazamento alternativo para estas empresas e que ten que se facer con anterioridade ao 2018 para dar resposta ao amplo consenso social e político existente na actualidade na nosa comarca.

Pontevedra, 16 de outubro de 2010

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.